



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

**CENTRO PÚBLICO INTEGRADO
COVA TERREÑA**

Rúa Dolores Agrelo, s/n C.P. 36300 Baiona
Teléfono: 886 12 00 01 Fax: 886 12 00 09
<http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicovate.rrena/>


UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

 Equipos de
Dinamización
de Língua Galega


Bibliotecas
escolares
de Galicia

TRASLADO DA ETAPA DE ED.PRIMARIA AO CEIP DE FONTES-BAIÑA

Dentro das actuacións de reforma integral do centro, está contemplada a renovación da cuberta do mesmo. A empresa retirou todas as pranchas de fibrocemento do centro seguindo as indicacións do ISSGA, sendo substituída provisionalmente por unha cuberta de lonas. Esta cuberta provisional non aguantou os refachos de vento e chuvia que tiveron lugar na fin de semana do 12 de outubro provocando filtracións de auga nalgunhas aulas.

O equipo directivo constatou, o domingo 13 de outubro, filtracións de auga comunicando o feito ás autoridades educativas e empresa adxudicataria. Valoramos o alcance dos danos e preparamos aulas adicionais para poder reubicar ao alumnado de ser preciso. Ese mesmo domingo persoouse no centro o Sr. Alcalde e o Concelleiro de Educación ofrecendo a súa colaboración no que fose preciso. Quedamos emprazados a unha reunión o luns 14 de outubro para buscar unha solución.

A mañá do luns 14 de outubro constatouse un empeoramento da situación. Na reunión no centro á que asistiron o Alcalde de Baiona, Don Carlos Gómez, o Concelleiro de educación Don Oscar Carreño, o Xefe Territorial, Don César Ares, o Inspector de educación, Don Xose Luis Ferreiro, o equipo de dirección de obra, a empresa construtora, representantes da ANPA e o equipo directivo, prantexouse a situación e distintas posibilidades para afrontar a mesma. Desprazámonos ao CEIP Fontes-Baiña onde comprobamos que había espazo para acoller ao alumnado do centro e continuar a súa formación académica.

Nesa reunión acordouse o traslado de 1º, 2º e 3º de Ed.Primaria para o CEIP de Fontes-Baiña, poñendo a Consellería e Concello todos os medios para que este traslado fose eficaz e rápido, tal e como foi.

A decisión de trasladar aos grupos de 1º, 2º e 3º de Ed.Primaria débese a que non se pode trasladar ao alumnado de ESO a un centro de Ed.Primaria nin ao alumnado de 5º e 6º debido ao proxecto E-Dixgal, xa que requiría unhas actuacións previas.

Tras solventar os problemas de conectividade que impedían o traslado do alumnado E-Dixgal e ser acondicionadas máis aulas polo CEIP de Fontes-

Baíña decidiuse o venres 18 o traslado de toda a etapa de Ed.Primaria, sempre pensando no benestar do alumnado.

Familias e alumnado poderán manter as súas rutinas e horarios habituais:

- A Aula Madruga estará aberta dende as 7:30h. As monitoras trasladarán ao alumnado ata os autobuses.
- O alumnado será trasladado en autobuses ao CEIP de Fontes-Baíña. Os autobuses estarán na contorna sobre as 08:40h e sairán do centro ás 08:50h coa sinal do timbre. Máis que nunca é importante a puntualidade.
- O alumnado regresará ao centro ás 13:50h, mantendo a entrega fidedigna. O alumnado non recollido será levado á conserxería.
- O alumnado usuario do Comedor escolar será levado polas coidadoras do autobús ata o mesmo onde será recollido polas súas familias ao remate do servizo.

Descoñecemos canto pode durar a situación pero nós estámonos preparando para afrontar todo o trimestre desprazados se fose necesario.

O vindeiro luns 21 de outubro, haberá unha reunión informativa coas familias de 4º, 5º e 6º de Primaria, para resolver calquera dúbida que poda xurdir sobre este traslado.

Tamén vos comunicamos que xa se recibiu o informe provisional sobre a posible presenza de fibras de amianto en aire, que despois da alarma social xerada, recolle que se obtén un valor de concentración de fibras por debaixo de 0,001 fibra/cm³, que é o valor límite de referencia máis amplamente empregado.

Queremos agradecer a acollida brindada polo CEIP de Fontes-Baíña e a implicación do Concello de Baiona e os medios postos á nosa disposición, incluídas as súas propias mans. Agradecer á ANPA o seu ofrecemento e participación nas distintas reunións mantidas. Agradecer as palabras de ánimo da Conselleira de Educación, do Xefe Territorial e de Inspección educativa. E sobre todo as vosas palabras de ánimo, o apoio brindado e o voso ofrecemento de axuda desinteresada.

GRAZAS.